

## IMAXES/VÍDEOS

### 1 Fotografía e vídeo.

Poden facerse, con carácter xeral, fotos e vídeos en lugares públicos. Xéranse dereitos de autor para o autor das fotos e vídeos desde o momento da súa creación.

Solicita o consentimento das persoas que fotografes ou aparezan nos teus vídeos.

### 2 Publicación de imaxes ou vídeos.

Facer fotos ou gravar vídeos non é o mesmo que publicar fotos e vídeos.

A publicación de imaxes e vídeos non debe vulnerar a intimidade ou a honra das persoas que aparecen neles.

**ANTES DE PUBLICAR, PENSA SE QUERERÍAS  
QUE SE PUBLICASE UNHA FOTO OU UN VÍDEO  
TEU SEMELLANTE.**

Para facer fotos e vídeos, e para publicalos, é aconsellable pedir permiso ás persoas que aparezan neles.

